

DÍA DO SEMINARIO 2014

O domingo 16 de marzo celébrase o Día do Seminario, tradicionalmente vinculado á festa de San Xosé ou nun domingo próximo se, como este ano, a solemnidade de San Xosé, o patrón dos Seminarios, coincide en día laboral. Este ano en España a Conferencia Episcopal propón como lema do Día do Seminario 2014 : **A alegría de anunciar o evanxeo**, en sintonía coa Exhortación do Papa Francisco *Evangelii gaudium*, convidando a todos, especialmente aos mozos, a considerar o sacerdocio como un camiño gozoso de entrega ao anuncio do evanxeo no noso tempo.

Sen esquecer este lema, a Diocese de Lugo quere concretar a campaña do 2014 no Seminario Diocesano, e moi especialmente no Seminario Menor. Para iso a campaña conxuga catro verbos: **coñecer, rezar, axudar, vir.**

1. Coñecer... a historia do Seminario Diocesano de Lugo e o seu presente

A Diocese de Lugo conta con Seminario desde o ano 1593. O de Lugo é o décimo sexto Seminario erixido en España ao amparo dos decretos do Concilio de Trento. Proxéctase a súa fundación en 1568 e remata en 1599. A súa primeira localización foi no que hoxe é convento franciscano, na praza Maior da cidade. En 1888, comezan as obras dun novo edificio que albergará a sede do Seminario. Este edificio, concluído en 1893, é o que actualmente se sitúa na rúa Anxo López Pérez. Serviu como centro de formación sacerdotal e forxa humana para miles de mozos, e restaurouse recentemente.

O Seminario Menor e o Maior compartiron espazo e edificio até o ano 1929. Nesta data, seguindo as recomendacións da Santa Sé sobre a creación de Seminarios Menores, nese ano de 1929 adquirese un edificio, enfronte do xa existente, e amplíase con outra nova construción. Neste novo complexo instálase o Seminario Menor con capacidade para cento oitenta seminaristas menores. Hoxe este edificio alberga dependencias administrativas do Concello da cidade e o Seminario Menor sitúase nun edificio encostado ao Seminario Maior, unha construción nova, moderna e práctica con todas as instalacións necesarias para un centro educativo e para as peculiaridades dun Seminario.

Dicir Seminario é, sobre todo, evocar persoas. Miles de alumnos forman o patrimonio humano desta institución. Froitos entre os que podemos destacar un ex seminarista que ocupa un lugar no santoral católico, San Xosé María de Suegos, mártir do Vietnam. Ou un Reitor, D. Francisco Tarín, mártir en Valencia durante a guerra civil (en proceso de beatificación). Dous bispos: un, seminarista e logo franciscano, bispo de Lugo, Frei Plácido Rei Lemos; bispo auxiliar de Santiago de Compostela o outro, D. Miguel Novoa Fuentes. Fecundidade manifestada tamén en case 2000 sacerdotes, ordenados entre os anos 1900 e o 2010. E alumnos do onte afastado ou do hoxe próximo, cuxo número excede, só nun século, os 7500, que se formaron humana, intelectual e cristianamente nas súas aulas. Múltiples xeracións que aquí creceron como persoas, cristiáns e sacerdotes.

Ademais dos Seminarios Menor e Maior, o Seminario Diocesano é actualmente a sede do Instituto Teolóxico Lucense, da Extensión a distancia do Instituto Superior de Ciencias Relixiosas San Dámaso e da Extensión do Instituto Internacional de Teoloxía a Distancia. Parte das súas dependencias serve, así mesmo, de residencia para algúns sacerdotes da Diocese, e na súa planta baixa está accesible ao público a Biblioteca do Seminario Diocesano, cun fondo antigo de gran valor e uns 90.000 volumes.

2. Coñecer... o Seminario Menor, hoxe

Actualmente, a pesar dos cambios e transformacións sociais e demográficas, o Seminario Diocesano continúa a súa andaina na súa dobre realidade de Menor e Maior. O Seminario Menor propónse a toda a Diocese, ás súas familias e comunidades, como un lugar educativo pensado para que os mozos que na infancia ou a adolescencia senten a chamada ao sacerdocio poidan crecer e madurar. E para que outros moitos, que desexan unha educación cristiá integral, poidan recibila con este específico sentido vocacional.

Son as súas notas identificativas

- ser unha comunidade cristiá-vocacional,
- un internado,
- un centro privado de estudos (onde é posible cursar ESO e BAC) e
- unha realidade que existe orientada cara ao Seminario Maior.

As apostas do Seminario Menor van na liña de seguir ofrecendo

- unha formación académica de calidade (9 profesores e profesoras, 9 sacerdotes, e varios colaboradores e traballadores conforman o seu equipo docente e administrativo),
- unha proposta clara da vida cristiá-ecclesial-vocacional (o Seminario é un centro educativo pero é, ante todo e sobre todo, unha realidade da vida da Igrexa dentro da Diocese),
- e un acompañamento persoal específico, que fan posible os formadores-titores que acompañan aos seminaristas.

O Seminario Menor conta este curso con 41 alumnos, dos cales 32 son internos (residentes as 24 h.) e 9 mediopensionistas (están no Seminario desde as 08:45 h. ás 19.30 h.), distribuídos nos catro cursos da ESO e nos dous cursos de BAC. Un Reitor, tres sacerdotes a tempo completo e outros dous máis con dedicación de dous días semanais configuran, xunto ao resto de profesores e persoal, o equipo humano que atende aos seminaristas. Un edificio completamente novo, con numerosas aulas, varios laboratorios, aulas-taller, pavillón polideportivo, patio exterior, cociña e comedores, capelas, salóns de estudo, ampla biblioteca e 60 habitacións individuais con baño, acolle no seu seo a esta comunidade educativa. Desde esta realidade presente, o Seminario Menor afronta o reto de ser unha opción de gran interese e un recurso educativo diocesano de primeira orde, dándose a coñecer cada vez máis e favorecendo, así mesmo a colaboración diocesana coas súas necesidades (potenciando a tradición de bolsas e axudas particulares ou parroquiais para os seminaristas con dificultades).

A campaña do Día do Seminario inscríbese así como o primeiro paso da campaña de comunicación que o Seminario Diocesano quere iniciar en vistas ao próximo curso académico 2014-2015. Está a actualizarse o portal web, creáronse perfís nas redes sociais e proximamente difundirase un vídeo promocional. Máis adiante organizarase un día encontro - xornada de portas abertas para as familias e os mozos das parroquias da Diocese, motivados vocacionalmente ou interesados en coñecer o Seminario.

3. Coñecer... O Seminario Maior, hoxe

O Seminario Menor existe, en último termo, como un camiño cara ao **Seminario Maior**. Este curso 2013-2014 son 6 os seminaristas que cursan Estudos Eclesiásticos, a quen acompaña na formación o Reitor e un Padre espiritual. Tres seminaristas empezaron este ano o Maior e, deles, dous proceden do Seminario Menor.

Durante os 6 anos de formación no Seminario Maior, os seminaristas e a outros alumnos interesados nesta formación teolóxica, realizan a licenciatura en Estudos Eclesiásticos no **Instituto Teolóxico Lucense** (centro teolóxico afiliado á Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia de Salamanca, e que fan posible os 23 profesores, 22 sacerdotes diocesanos e un laico, entre os cales se contan 3 doutores en teoloxía dogmática, 1 doutor en teoloxía bíblica, 1 doutor en filoloxía clásica trilingüe e 18 licenciados nas distintas áreas da filosofía, a teoloxía e o dereito canónico). Ao final dos Estudos Eclesiásticos todos os alumnos obteñen o título de Bacharel en Teoloxía, con recoñecemento civil de Grao.

Ademais do estudo, a convivencia diaria, a formación humana e espiritual, e as progresivas experiencias pastorais van preparando aos candidatos ao sacerdocio. O curso pasado a Diocese ordenou a dous sacerdotes, en febreiro do 2013. O pasado decembro un dos actuais seminaristas recibiu os ministerios do lectorado e acolitado, como primeiro paso solemne no camiño sacerdotal.

4. Coñecer... para axudar, rezar e vir

Coñecer esta realidade do Seminario Diocesano, Menor e Maior, é, pois, un obxectivo fundamental da Campaña do Día do Seminario. Para iso, o vindeiro domingo 16 os seminaristas faranse presentes en diversas parroquias da cidade cos seus formadores, co obxectivo de facer visible esta realidade e sensibilizar ás comunidades nas outras tres palabras crave da Campaña:

axudar (coa colecta que se realiza neste día en todas as parroquias, e con calquera outra colaboración diocesana que poida ser enriquecedora),

rezar (de modo que a intención de oración polo Seminario e as vocacións sacerdotais estea presente na vida das comunidades cristiás en todo momento)

e **vir** (convidando as familias a achegarse a esta oferta educativa que pode ser de interese para os seus fillos, e a todos os que poidan estar interesados no Seminario Maior ou na vocación sacerdotal).